

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac6840452148653351770.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 56-2024 Modificación anexo Plan de PI ALARMA CC MARUJA MALLO

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA TC 56-2024, PARA MODIFICACIÓN DO ANEXO DO PLAN DE INVESTIMENTOS DO EXERCICIO 2024 CO OBXECTO DE LICITAR A CONTRATACIÓN DA SUBSTITUCIÓN DA ALARMA DE INCENDIOS DO CENTRO DE CONVIVENCIA DE MARUJA MALLO.

Visto o expediente tramitado para a alteración do plan de investimentos TC 56-2024 - Modificación do anexo do Plan de Investimentos: ALARMA CC MARUJA MALLO, que leva aparellada unha modificación de crédito da modalidade transferencia entre aplicacións da mesma área de gasto, por un importe total de 12.567,20 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024, en base ao establecido na Base nº 11 das de Execución do orzamento.

Consistindo dita modificación na minoración das previsións iniciais do Código de Proxecto 24XX00024 (Obras de Accesibilidade) por importe de 12.567,20 €, dado que non será preciso empregalos na súa totalidade nesta anualidade, e incrementando as previsións iniciais do Código de Proxecto 24XX00023 (Investimentos en edificios de Servizos Sociais) polo mesmo importe, atendendo ás circunstancias recollidas no informe do Servizo de Benestar Social do 08.11.2024, asinado pola súa xefa de servizo, Pilar Rodríguez González coa conformidade da responsable da área xestora, Olga López Racamonde, no que se indica que: *“Co obxecto de licitar a contratación da substitución da alarma de incendios do centro de convivencia de Maruja Mallo, é precisa a tramitación dun expediente de modificación do Plan de Investimento por un importe total de 12.567,20 €, moficándose de xeito que pase do código de proxecto 24XX00024, aplicación orzamentaria 23170.60100 “Obras de Accesibilidade”, para o código de proxecto 24XX00023, aplicación orzamentaria 23150.63200 “Investimentos en edificios de servizos sociais”.*

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1591/2024, do 11.11.2024, así como o RCMOD núm.: Ref.: 75001/2024 de 11.11.2024.

Tendo en conta que as alteracións propostas non supoñén unha modificación orzamentaria de competencia plenaria, tal e como se regula na base 11 de execución do orzamento que establece que:

*“A determinación específica dos citados proxectos e o seu financiamento virá establecida no Anexo de investimentos, con especificación do investimento que se realizará e o recurso que o financia. As alteracións no Anexo de investimentos deberán ser aprobadas polo Pleno da corporación cos mesmos requisitos que a aprobación do orzamento, **sempre que esas alteracións esixan modificacións orzamentarias de competencia plenaria.** Aos efectos do disposto neste parágrafo, non se entenderá como alteración do Anexo de investimentos a modificación da fonte de financiamento de cada proxecto específico como consecuencia da aparición de recursos financeiros propios derivados do remanente de tesourería ou do alleamento de investimentos, para o que será suficiente a acreditación de tales recursos e a súa aprobación por decreto da Alcaldía.”*

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac6840452148653351770.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 56-2024 Modificación anexo Plan de PI ALARMA CC MARUJA MALLO

Tendo en conta á súa vez que a base 14ª das de execución do Orzamento Xeral atribúe a competencia para a aprobación dos expedientes de transferencia de crédito á Alcaldía, coa excepción dos que afecten a distintas áreas de gasto e non afecten a créditos de persoal (en aumento e diminución)

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos vía transferencia entre aplicacións da mesma área de gasto e a alteración do plan de investimentos do exercicio 2024 por un importe global de 12.567,20 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>PROXECTO E PARTIDAS ORZAMENTARIA QUE CEDE CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>PROXECTO E PARTIDA ORZAMENTARIA QUE INCREMENTA CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
24XX00024 (Obras de Accesibilidade)) Aplicación orzamentaria 23170.60100	12.567,20 €	24XX00023(Invetimentos en edificios de Servizos Sociais) Aplicación orzamentaria 23150.63200	12.567,20 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	12.567,20	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	12.567,20 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.